



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Técnico/a de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe.

Núm. Admvo. Expte: 2024/E001/000008

Expte. Decreto Núm.: 2025/G003/000232

Visto o expediente que se tramita para a selección dun/ha dun/ha Técnico/a de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste Concello, a través do sistema de concurso-oposición, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 828/2024, de data 11/11/2024 e publicadas no BOP núm. 221, do venres 15 de novembro de 2024.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 20/02/2025 respecto da relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación, coa indicación da acadada en cada unha das fases do proceso selectivo.

Visto que durante o prazo de alegacións concedido, non se presentou ningunha alegación.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 199/2025, de data 19/03/2025 na que se aproba a relación definitiva de persoas aprobadas, se require á aspirante proposta para que presente a documentación requirida na base undécima das bases de selección e se aproba a bolsa de emprego por orde de puntuación total obtida.

Visto que con data do 26/03/2025, a aspirante proposta presenta a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

De conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local,

esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Realizar o nomeamento a favor de **Patricia Uzal Vieites, con DNI núm. ***2873****, como Técnica de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Segundo. O prazo de duración da interinidade será por un prazo máximo de nove meses.

Terceiro. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal de acordo co establecido na base décima das bases de selección.

Cuarto. De acordo co establecido na base undécima das bases de selección, a aspirante nomeada deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución de nomeamento.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Así mesmo, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co concello.

Quinto. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Sexto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Sétimo. Dar conta deste decreto ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García